

XIMNASIA MANTEMENTO ADULTOS

1. Introducción

Neste documento determínanse as condicións da actividade de ximnasia de mantemento para adultos da **Sociedad Gimnástica de Pontevedra**. Dirixida a aquelas persoas interesadas en practicar actividade física de forma regular e supervisada.

2. Grupos, horarios e instalación

Grupo	Días	Horario	Lugar	Prazas	Duración
1	Luns e Mércores	9:00 - 10:00	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
2	Martes e Xoves	9:00 - 10:00	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
3	Luns e Mércores	10:00 - 11:00	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
4	Martes e Xoves	10:00 - 11:00	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
5	Luns e Mércores	19:30 - 20:30	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
6	Martes e Xoves	19:30 - 20:30	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
7	Luns e Mércores	20:30 - 21:30	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
8	Martes e Xoves	20:30 - 21:30	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
9	Luns e Mércores	21:30 - 22:30	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio
10	Martes e Xoves	21:30 - 22:30	Pavillón Municipal	20	Octubre - Maio

A actividade dará **comezo** o día **1 de outubro**, e finalizará o **28 de maio**. Nas datas festivas ou cando a instalación non estea dispoñible **non haberá actividade**.

3. Desenvolvemento

A actividade levarase a cabo nos ximnasios do pavillón municipal.

4. Inscricións e cotas

[Enderezo preinscrición, pinche aquí se quere preinscribirse:](https://forms.gle/E4M3CRMgTvAmWxvz9)

<https://forms.gle/E4M3CRMgTvAmWxvz9>

As preinscricións realizaranse a través do enderezo web anterior ata o luns 22 de setembro ás 23:59 h.

Haberá que seleccionar o horario desexado; pódense solicitar dos opcións por orde de preferencia, por se non se puidese atender algunha delas.

A **cota** da actividade é de **20 €/mes**. Os pagos realizaranse a través da APP Cluber aplicando cargos na tarxeta vinculada ao usuario. Unha vez rematado o prazo de preinscrición, indicárase aos interesados dito procedemento.

Unha vez rematado o proceso de preinscrición, o martes 23 de setembro publicarase ás 16:00 h. o listado provisional; cun prazo para reclamacións ata o domingo 28 de setembro ás 23:59 h. As reclamacións realizaranse vía email (info@sgpontevedra.com). O listado definitivo de persoas preinscricións e as listas de espera de cada un dos grupos publicarase o luns 29 ás 16:00 h.

XIMNASIA MANTEMENTO ADULTOS

5. Proceso de admisión

As persoas participantes serán admitidas por orde rigoroso de inscrición ata completar o número de prazas. O número mínimo de participantes para iniciar un grupo será de 8 persoas. No caso de superar as 20 prazas, crearase unha lista de espera, e no momento que se produzan baixas chamarase ao seguinte da lista para ocupar dita praza. Aquela persoa que non abone a contía ou falte durante un mes sen causa xustificada perderá a súa praza.

Seguirase o seguinte calendario:

1. Peche de preinscricións luns 22 de setembro ás 23:59 h.
2. Publicación preinscricións martes 23 de setembro ás 16:00 h.
3. Comunicación de elección de grupo, baixas ou reclamacións ata domingo 28 de setembro ás 23:59 h.
4. Publicación listado definitivo luns 29 de setembro ás 16:00 h.
5. Para a inscrición, as persoas admitidas definitivas recibirán un email co procedemento de inscrición.
6. A lista de espera comezará a funcionar tan pronto como se produzan baixas ou cambios nos grupos.